

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FUNDAMENTOS DA ARTE II

(Cód. 50)

Na proba propóñense dúas opcións: en cada unha delas propónse unha análise comparativa de dous momentos artísticos característicos. Coa intención de que sexan máis evidentes as súas diferencias, intentarase buscar dúas obras coas que o alumnado poida establecer rápidamente conclusións. Valorarase a claridade expositiva.

A puntuación máxima da proba é de **10 puntos** e distribuirase da maneira seguinte:

1º) Na **primeira** cuestión a puntuación total será de **3 puntos** e nela teranse en conta os seguintes contidos:

- **Situar** correctamente os dous **artistas** propostos, no seu **contexto cultural, social** e histórico. **(1,5 puntos)**.
- **Determinar a traxectoria** dos dous **artistas** propostos. **(1,5 puntos)**.

2º) Na cuestión **segunda** a puntuación total será de **3 puntos** e nela teranse en conta os seguintes contidos:

- **Describir o estilo** da primeira obra proposta, e determinar as súas **características formais**. **(1,5 puntos)**.
- **Describir o estilo** da segunda obra proposta, e determinar as súas **características formais**. **(1,5 puntos)**.

3º) Na cuestión **terceira** a puntuación total será de **4 puntos** e nela pídese unha **análise comparativa** das dúas obras propostas.